Prólogo

Tanto dende a óptica biolóxica como dende a perspectiva teolóxica, a muller comparte protagonismo fundacional co home aínda que, durante moitas centurias, tal transcendencia non obtivo o necesario recoñecemento por parte da propia sociedade. A finais do século XIX autoras como Emilia Pardo Bazán –*La mujer en España*– ou Concepción Arenal –*La mujer del porvenir*, *La condición de la mujer en España*, *La mujer de su casa*– tomaron conciencia da situación da muller en España, iniciando coas súas investigacións sociolóxicas e xurídicas unha labor conducente á normalización da condición política e sociocultural feminina; labor continuada dende entón por unha ampla nómina de investigadoras pertencentes ao ámbito político, universitario e académico, nómina na que hai que destacar, nun primeiro momento, nomes como Monserdá, Karr, Nelken ou Campoamor.

Consciente da necesidade de avanzar na comprensión da realidade da muller galega, e dándolle continuidade no noso presente ao seu interese por profundar na investigación e coñecemento do noso pasado e cultura, o Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» –único centro de investigación en humanidades do Consejo Superior de Investigaciones Científicas en Galicia– iniciou no ano 2007, co apoio financeiro da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, a celebración das xornadas *Feminino Plural*, coa intención de que se convertan nun foro de discusión e contraste das liñas de investigación, metodoloxías e tipoloxías concretas de traballo desenvolvidas sobre esta temática no ámbito investigador e académico galego durante as últimas décadas.

Nesta primeira ocasión e baixo o subtítulo *A palabra e a memoria da muller na Galicia* congregouse a un grupo de especialistas cuxos relatorios se reúnen no presente volume no que se compilan as súas principais achegas. Ábrese esta edición con Carlos Andrés González Paz –coordinador académico e editor do encontro– que comeza a labor de recuperación da memoria histórica da muller radiografando o papel da magnate na sociedade altomedieval galega a través do documentado estudo dunha institución como é o matrimonio –base da familia e, por extensión, do corpo social do momento– no que a análise do rol e condición femininas é clave para a súa correcta interpretación.

A continuación, Mar Llinares García –primeira decana da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela–, dende os parámetros da antropoloxía, preséntanos o rol da muller no fantástico popular galego a través dun dos seus personaxes máis representativos –as «mouras»– que, en palabras da propia autora, personifican no noso imaxinario colectivo o que deberían se-las fillas de Eva pero, ao mesmo tempo, simbolizan todo aquilo no que unha sociedade masculinizada temía que unha muller se puidese transformar.

Seguidamente, Ofelia Rey Castelao –catedrática de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela– leva a cabo unha síntese na que reúne unha serie de aspectos relativos á traxectoria histórica das mulleres galegas da Idade Moderna. Ofrece todo un conxunto de pistas conducentes a discernilos elementos necesarios para comprender cómo –segundo a autora– «las gallegas de los siglos modernos, explotadas laboralmente, se ganaron el reconocimiento de la sociedad, sobre todo de los sectores ilustrados del siglo XVIII, que observaron que en un país emigrante, el sistema socio-económico no se derrumbaba por el hecho de que los hombres estuvieran ausentes, sino que esposas, madres, hijas o hermanas, los sustituían y la vida continuaba».

Continúa Carmen Blanco García –profesora de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela– quen realiza unha persoal e poética singradura entre Troia e Ítaca mais non con Odiseo como navegante, senón coa transgresora Penélope como capitana, exemplificando esta bizantina viaxe nas traxectorias de tres poetisas como son Rosalía de Castro, Xohana Torres e Olga Novo. Todas elas, nos seus respectivos momentos históricos, convertéronse en voces libres que reclamaron coa palabra a necesidade fundamental de consegui-la mellora na condición da muller.

En quinto lugar, María Xosé Rodríguez Galdo –catedrática de Historia Económica da Universidade de Santiago de Compostela– centra a súa achega no estudo do papel da muller galega tanto na emigración americana como en relación coa emigración americana; ao que se engade a análise do seu impacto tanto na sociedade de orixe –coa presentación dunha interesante temática como é a feminización da economía agraria protagonizada polas mulleres que permanecen en Galicia–, como na sociedade de destino. Ademais hai que destaca-las súas reflexións sobre a conceptualización do xénero, considerándoo coma unha construción humana –social e cultural– que se opón ao sexo biolóxico, concluíndo que «non cabe aducir determinismos biolóxicos para manter ás mulleres nun papel subordinado».

De seguido, María do Carme García-Negro –profesora de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela– realiza un profundo e sintético estudo sobre as consecuencias que a evolución do mercado de traballo no capitalismo global ten sobre o colectivo das mulleres, entendido este coma un grupo social definido polo xénero, concepto de significativo contido económico.

Finalmente Dolores Villarino Santiago –primeira presidenta do Parlamento de Galicia– analiza, dende a óptica da política, o longo camiño recorrido pola muller dende os tempos de Olimpia des Gougues ou de Mary Wollstonecraft –a finais do século XVIII– ata a final consecución do recoñecemento xurídico e material dos seus dereitos políticos e civís; un proceso de «empoderamento» –en ocasións tortuoso, con avances e retrocesos– que culminou finalmente co acceso da muller a postos de poder e responsabilidade pública, constituíndose ela mesma nun excelente e activo exemplo disto.

A palabra e a memoria da muller na Galicia pretendeu abrir camiño, vía que continuará na súa segunda edición dedicada ao estudo da biografía e labor profesional da galega Sofía Casanova, testemuña excepcional das convulsas primeiras décadas do século XX europeo.

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Director do Instituto de Estudos Galegos ‘Padre Sarmiento’